



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Asunto: Aprobación da lista de admitidos/excluídos á convocatoria para a contratación de 6 socorristas para o servizo de vixilancia e socorrismo nas praias do concello de Laxe, convocatoria 2021

Expte. Admvo. Núm.: 2021/E001/000003

Expte. Decreto Núm. 2021/G003/000428

Mediante resolución de Alcaldía núm. 363/2021, de data 01/07/2021, aprobáronse as bases e convocatoria de selección para a contratación laboral temporal de 6 socorristas para o servizo de vixilancia e socorrismo nas praias do concello, durante 2 meses, previa preselección realizada pola oficina de emprego de Carballo.

A oficina de emprego de Carballo remitiu unha relación de currículos, co número de oferta 12-2021-5635. A este proceso selectivo presentáronse 3 persoas candidatas que superaron o proceso quedando pendentes de cubrir 3 postos de socorristas.

Visto que este concello ten concedida unha subvención para a contratación de 6 socorristas para a prestación do servizo de vixilancia e socorrismo nas praias do concello para o que temos concedida unha prórroga para a contratación deste persoal ata o 26/07/2021; e atendendo á necesidade de contratación deste persoal para a temporada de verán xa que estamos a mediados do mes de xullo e á concesión da bandeira azul, a que nos obriga a prestar este servizo cun número mínimo de socorristas e necesario e urxente axilizar ós trámites para a contratación deste persoal.

Para o número de oferta 12-2021-5635 a oficina de emprego de Carballo remitiu de novo unha relación de currículos. Despois de contactar con todas a persoas aspirantes que figuran nesta nova relación de currículos, mediante a presente procederase a aprobar a lista provisional de admitidos e excluídos á mencionada convocatoria, tal e como establece a dita convocatoria na base 5ª.

Pola presente, esta Alcaldía de conformidade co establecido no art. 21.1.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local,

RESOLVE:

Primeiro. Aprobar, de acordo coa base 5ª da convocatoria para a selección de 6 postos de socorristas para o servizo de vixilancia e socorrismo nas praias do concello 2021, a lista provisional de admitidos e excluídos á mencionada convocatoria:

De conformidade coa base quinta, a lista provisional de admitidos/excluídos elevarase a definitiva no caso de non haber aspirantes excluídos/as.

SOCORRISTAS (Núm. Oferta oficina de emprego de Carballo: 12-2021-5635)

ADMITIDOS:

- 1.- LEMA MIRA, ADRIÁN
- 2.- MÉNDEZ REYES, FABIO

EXCLUÍDOS

Ningún

Segundo. Designar ao Tribunal Cualificador previsto na base 6ª que estará composto polos membros seguintes:

Presidente: Julio Torreira López, animador deportivo deste concello

Suplente: Emilia Alborés Lema, AEDL deste concello

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

Vogais:

1. M^a Dolores Antelo Collazo, traballadora social deste concello
Suplente: M^a Dolores Porteiro Rodríguez, técnica de intervención familiar deste concello.

2. José Manuel Santos Pose, operario de servizos múltiples deste concello
Suplente: Alfredo A. Lema Agra, operario de servizos múltiples deste concello

3. Sandra Vázquez Mira, auxiliar administrativa deste concello
Suplente: Isabel M^a Castro Añón, xefa do Negociado de Contabiliade deste concello

Secretaria: Alejandra Castro Añón, administrativa deste concello
Suplente: Begoña Carrasco García, secretaria-interventora deste concello

Terceiro. Convocar aos aspirantes admitidos/as para a realización das probas selectivas da fase de oposición para o **Xoves 22 de xullo de 2021, ás 09.00 horas na casa do concello de Laxe, sita na Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 de Laxe.**

Cuarto. Expor a dita lista **no Taboleiro de anuncios deste concello e na páxina web municipal.**

Mándoo e asínoo en Laxe, na data da sinatura incluída á marxe, o Alcalde D. José Luis Pérez Añón, do que eu como secretaria dou fe.

O alcalde
Asdo.: José Luís Pérez Añón

A secretaria-interventora
Asdo.: Begoña Carrasco García